

Balance do turismo en Galicia

Verán 2019



galicia

DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística regrada en Galicia. Verán 2019

	T. Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	1.152.315	368.750	1.521.066
NOITES	3.223.828	736.051	3.959.876
ESTADÍA MEDIA	2,80	2,00	2,60


DEMANDA TURISTICA

Comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no verán deste ano 2019. A cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 4,3% e o volume de noites nun 5,0% en relación ao mesmo período de 2018.

Contrasta esta suba coa caída rexistrada no período estival do pasado ano mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anteriores, de 2013 a 2017, acadando máximo histórico de noites no verán dese ano con máis de 4,0 millóns.

A estadia media mantense relativamente estable neste período, logo de rexistrar crecementos consecutivos no tres últimos anos –de 2016 a 2018-.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Verán 2019/18



DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Verán 2019

NOITES	
ESPAÑA	134.341.575
Cataluña	29.515.776
Baleares	25.631.660
Andalucía	19.866.788
Canarias	18.317.314
C. Valenciana	14.463.774
Madrid	4.971.199
Galicia	3.959.876
Castela e León	3.036.210
Aragón	2.477.700
Asturias	2.450.244
Cantabria	2.334.953
País Vasco	2.178.401
Murcia	1.405.758
Castela A Mancha	1.197.947
Navarra	991.462
Extremadura	868.118
A Rioxa	533.781

Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	1,2%
Navarra	7,5%
A Rioxa	6,7%
Galicia	5,0%
Madrid	4,9%
Andalucía	4,7%
Aragón	4,7%
Extremadura	4,6%
Asturias	4,1%
País Vasco	3,0%
Castela A Mancha	2,7%
Cataluña	2,7%
Castela e León	2,2%
C. Valenciana	1,7%
Baleares	-1,7%
Murcia	-1,9%
Cantabria	-2,8%
Canarias	-4,5%

DEMANDA TURÍSTICA


- O bo comportamento da demanda turística en Galicia prodúcese nun contexto de dinámicas algo diferentes no conxunto de España, sendo maioría en todo caso os destinos que melloran os niveis do pasado ano. A nivel estatal obsérvase un crecemento global do 3,3% na cifra de viaxeiros aloxados e do 1,2% no volume de noites. Son cifras modestas que no caso das noites falan dun crecemento moi suave.
- Trece son os destinos que presentan un comportamento positivo da demanda neste verán, a taxas variables mais non moi elevadas. Destaca en intensidade Navarra, comunidade que supera nun 7,5% os niveis do pasado ano. Seguen en orde de importancia A Rioxo -cun incremento próximos ao do 7% interanual-, Galicia -coa suba do 5,0%- e Madrid -cun crecemento moi parello, do 4,9% neste caso-.
- No lado contrario é a C. Valenciana o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 2% interanual.
- Do outro lado son catro os destinos que amosan un comportamento negativo, con caídas no volume de pernoctacións no aloxamento regrado. Son Baleares -comunidade que presenta un descenso do 1,7%-, Murcia -cun 1,9%-, Cantabria -cunha caída do 2,8%- e Canarias -destino que marca o peor comportamento relativo cun descenso do 4,5%-.
- En termos de volume Cataluña, con algo máis de 29,5 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España neste período estival -absorbe o 22,0% do total estatal-. Seguen en orde de importancia, por esta orde, Baleares, Andalucía, Canarias, a C. Valenciana e Madrid. Estes seis destinos representan o 84% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o sétimo lugar no ranking das CC.AA., xusto por detrás das seis anteriores, representando o 2,9% do total de España neste verán de 2019.

DEMANDA TURÍSTICA

O bo comportamento da demanda no verán é unha característica que se observa nos dous meses centrais do ano. O volume de noites sobe un 7,3% en xullo e un 3,2% en agosto consecuencia en ambos casos de crecementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados –do 6,7% en xullo e do 2,5%- auspiciados por leves melloras da estadia media.

O incremento global da demanda no verán supón a xeración de máis de 187 mil novas pernoctacións en comparación co mesmo período do pasado ano 2018. En xullo xérase o 63% -preto de 118 mil noites- e en agosto o 37% restante.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Verán 2019/18, por meses




DEMANDA TURISTICA

O bo comportamento da cifra de viaxeiros aloxados rexistrado neste verán contrasta coa caída rexistrada no pasado ano –do 9,7%– que á súa vez viña precedida dun estancamento en 2017. Recupérase desta maneira a senda positiva de metade da década cando a cifra de viaxeiros do período estival crecía de forma constante, de 2013 a 2016.

Esta dinámica deixa a cifra final en algo máis de 1,52 millóns de viaxeiros aloxados no verán deste ano, dato obviamente superior ao do pasado ano mais fica por debaixo das cifras rexistradas no 2016 e 2017.

En termos absolutos o incremento da demanda supón a xeración de preto de 63 mil novos viaxeiros en comparación co pasado ano.

Evolución viaxeiros aloxados nos establecementos regrados. Verán 2013-19




DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo semellante. O crecemento deste ano supón o sexto de comportamento positivo desde o 2013 –a excepción vén marcada pola caída rexistrada no verán do pasado ano, do 6,5%-. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de mellora do nivel de demanda en Galicia que elevan a cifra final deste ano a 3,96 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por detrás do valor rexistrado no verán de 2017-.

En termos absolutos o incremento deste ano supón a xeración de pouco máis de 187 mil noites en relación ao período estival do pasado ano.

Evolución das noites nos establecementos regrados. Verán 2013-19




DEMANDA TURISTICA

No conxunto dos primeiros oito meses do ano obsérvase igualmente un comportamento positivo da demanda turística en Galicia. Incrementábase a cifra de viaxeiros aloxados, un 5,5%, así como o volume de noites, un 6,3% neste caso, en relación ao mesmo período do pasado ano.

Contrasta tamén esta suba coa caída rexistrada no mesmo período do pasado ano –do 4,6%– mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento da demanda turística en Galicia no conxunto dos primeiros oito meses, circunstancia que coloca o nivel final deste ano en máximos históricos con preto de 7,8 millóns de noites.

Mellora levemente a estadía media neste contexto positivo –preto do 1% e por cuarto ano consecutivo–, situándose en 2,2 noites no conxunto do aloxamento regrado.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Acumulado a agosto 2019/18




DEMANDA TURÍSTICA

No curto prazo, o incremento da demanda no acumulado anual vén como consecuencia do comportamento positivo observado na maior parte dos meses do ano coa excepción de marzo –mes no que por mor do efecto do calendario obsérvase unha caída do 9,6%.

No primeiro bimestre o crecemento é moi suave, de baixa intensidade –do 1,6% en xaneiro e do 1,0% en febreiro- mais a partir de abril o ritmo é máis intenso e notorio –aínda que decrecente-, con subas que acadan o 22% internual xustamente nese mes –coa Semana Santa como punto de inflexión- e fican no 3% en agosto.

A nivel global, por tanto, obsérvase mellor comportamento en temporada media e alta fronte á temporada baixa.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. 2019/18, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste verán o 81% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Ambos segmentos xeraron máis de 3,22 millóns de pernoctacións neste período estival.

O turismo internacional supón, en cambio, o 19% do total da demanda regrada neste mes con 736 mil pernoctacións neste caso.

Esta distribución da demanda vai na liña do observado nos últimos anos. O segmento nacional ten sempre un peso por encima do 80% do total durante o período estival, quedando o internacional por debaixo do 20% neste caso.

Peso dos principais mercados nos establecementos regrados. Verán 2019




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase no verán un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos da demanda de certa intensidade.

O turismo nacional sobe un 5,1% como consecuencia esencialmente dun crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados, do 4,7% neste caso –nun contexto de estabilidade da estadía media–.

O mercado internacional presenta tamén un incremento da demanda neste período estival, do 4,3% en relación ao pasado ano, como consecuencia da combinación de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros -do 3,1%- e mellora da estadía media –que sobe no caso do mercado estranxeiro un 1,2%–.

Evolución dos principais mercados nos aloxamentos regrados. Verán 2019/18




MERCADOS TURÍSTICOS

O incremento do turismo nacional neste verán contrasta coa caída rexistrada no pasado ano –do 6,3%- mais da continuidade á tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017, con subas de diversa intensidade que acada o valor máximo no verán de 2016 co 11% interanual. Esta dinámica coloca o nivel final de demanda nacional en máis de 3,22 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica aínda que moi próxima á rexistrada no verán de 2017 –máximo histórico con 3,27 millóns de noites-.

En termos absolutos este incremento supón a xeración de preto de 157 mil noites en relación ao verán de 2018.

Evolución do mercado nacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-19




MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a evolución é parella. Sobe a demanda neste ano logo de caer puntualmente no verán de 2018 –un 7,4%– mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anos anteriores, con subas de diversa intensidade que acadan o valor máis elevado en 2015 –con preto do 14% interanual-. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de comportamento positivo que sitúan o nivel final deste verán en 736 mil noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.

En termos absolutos o incremento deste ano supón a xeración de preto de 31 mil novas pernoctacións en comparación co período estival do pasado ano.

Evolución do mercado internacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-19




MERCADOS TURÍSTICOS

O crecemento dos dous grandes segmentos de mercado en proporcións moi parellas conleva que neste verán apenas varíe o peso dos mesmos dentro da estrutura global da demanda. Así, o mercado nacional absorbe o 81,4% do total das noites no aloxamento regrado – consolidando a súa notable presenza en Galicia durante o período estival- mentres que o 18,6% restante queda para o internacional.

Desde unha óptica temporal máis longa obsérvase que en realidade a estrutura do mercado turístico no segmento regrado de Galicia apenas variou nos últimos anos, manténdose sempre o peso do turismo nacional por encima do 81% do total das noites . No sentido contrario o mercado internacional acada sempre unha cuota inferior mais próxima ao 19% do total da demanda.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda regrada. Verán 2013-19




MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro –que representa o 70% do total da demanda regrada- é posible realizar unha análise máis segmentada por mercados. En particular, obsérvase que o 19% do total da demanda turística corresponde ao mercado interno, isto é, á demanda xerada polos residentes en Galicia –con preto de 527 mil noites no verán-. O 61% provén das restantes comunidades autónomas –representa por tanto ao mercado receptor nacional, con pouco máis de 1,7 millóns de noites- e o 20% ao turismo internacional –con 551 mil neste caso-.

Consólidase o forte peso do mercado nacional en Galicia no período estival, particularmente do segmento receptor –aquele que procede do resto do Estado, segmento que ademais mellora nun punto a súa cuota de mercado respecto do verán pasado-.

Peso dos principais mercados nos establecementos hoteleiros. Verán 2019



MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvanse neste período leves diferenzas de comportamento dos tres grandes segmentos de mercado no sector hoteleiro.

No ámbito nacional rexístrase unha clara disparidade na dinámica dos dous grandes mercados. Neste sentido descende levemente o turismo interno –dos residentes en Galicia- nunha porcentaxe baixa, inferior ao 1%, e mellora o receptor nacional –un 6,8% no número de noites grazas en boa medida ao incremento paralelo da cifra de viaxeiros españois aloxados, do 9,0% neste caso-.

O turismo internacional presenta tamén un comportamento positivo superando nun 5,0% o nivel de demanda do pasado ano grazas á combinación de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 3,5%, e mellora da estadia media.

En termos globais, por tanto, o crecemento global da demanda turística concéntrase no turismo receptor.


Evolución principais mercados nos aloxamentos hoteleiros. Verán 2019/18



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística no segmento hoteleiro, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste verán o 18,9% do total das pernoctacións da comunidade –cifra inferior á do primeiro semestre deste ano cando se achegaba ao 29%-.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é o principal mercado emisor a nivel estatal. Con preto de 520 mil noites representa o 18,7% do total da demanda turística hoteleira. Ten un peso moi parello ao do mercado interno.
- Seguen en orde de importancia Andalucía e Castela e León –ambas co 7,1%-, Cataluña -co 5,2%- e Asturias –co 4,6% do total da demanda hoteleira neste caso-. Logo de Madrid, por tanto, os mercados máis importantes son, por unha banda, aqueles de maior poboación –Andalucía e Cataluña- e, por outra banda, aqueles de proximidade -Castela e León, e Asturias-.
- País Vasco e a C. Valenciana sitúanse a continuación cunha cuota global do 4,4% o primeiro e do 3,6% este último.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste verán rexístranse preto de 127 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 4,5% do total da comunidade e o 23,0% do total internacional.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Italia –co 2,1% das noites-, Alemaña –co 1,7%-, EE.UU. e Francia –ambos co 1,4%- e Reino Unido –co 1% do total neste caso-.
- EE.UU. sitúase, por tanto, en cuarto lugar conformando o primeiro mercado internacional non europeo. Tal circunstancia acontece por segunda vez consecutiva neste período estival. En realidade, a distribución dos principais mercados internacionais apenas varía do observado no verán do pasado ano.
- Lonxe dos anteriores sitúanse, a continuación, Irlanda e Países Baixos –con cotas baixas, inferiores ao 1% do total da demanda-.


MERCADOS TURÍSTICOS

O bo comportamento do mercado receptor nacional vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en todos os principais mercados emisores, con diversa intensidade.

En termos relativos son os mercados de maior peso e poboación –caso de Madrid pero sobre todo de Andalucía e Cataluña- os que presentan as subas máis destacas –do 7% o mercado madrileño, do 11% o andaluz e do 14% o catalán-. Neste contexto positivo pero cun crecemento máis moderado sitúanse xustamente os mercados de maior proximidade: Castela e León –que presenta unha suba do 1,5%- e Asturias –cun incremento neste caso do 1,4%-.

Participan ademais desta dinámica outros mercados de menor peso pero sempre presentes na nosa comunidade como o vasco –que rexistra unha suba do 11%- e o valenciano –cun crecemento neste caso do 13%-.

Evolución dos principais mercados nacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2019/18



MERCADOS TURÍSTICOS


A nivel internacional obsérvase un comportamento algo diferente, dispar en función do mercado.

Os dous de maior peso –o portugués e o italiano- son xustamente os que presentan cifras negativas neste verán, con caídas da demanda moi suaves no primeiro –do 1,2%, como consecuencia do mal dato de agosto pois en xullo si amosaba crecemento- e algo máis importante no segundo –o mercado italiano cae neste verán un 13,5%, sendo o de peor comportamento no contexto internacional-.

No lado contrario amosan unha dinámica positiva os mercados alemán –cunha suba do 8%-, americano –do 9%- e francés –do 15% neste caso-. Participan tamén destes resultados positivos outros mercados de menor peso pero sempre presentes na nosa comunidade como o irlandés e o de Países Baixos.

O mercado británico mantense en termos globais nos mesmos niveis que o pasado ano.

Evolución dos principais mercados internacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2019/18




En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.

Neste verán as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 81% do total da demanda cun reparto algo dispar –Pontevedra xera maior volume de pernoctacións con pouco máis de 1,44 millóns neste período, o 45% do total-. En A Coruña o nivel fica en algo máis de 1,16 millóns, o 36% neste caso.

O 19% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo –que absorbe o 13% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 6% neste caso-.

No verán, e como característica propia da temporada alta –pois así acontece sempre nos últimos anos-, Pontevedra sitúase como a provincia de maior volume e peso no conxunto da comunidade. Tal circunstancia acontece ademais en xullo e agosto en contraposición ao observado nos primeiros seis meses do ano –período no que A Coruña absorbe maior volume e peso-.

Demanda turística REGRADA por provincias. Verán 2019



■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra

ANÁLISE TERRITORIAL


O comportamento positivo da demanda a nivel da comunidade autónoma é unha característica que se observa, con diversa intensidade, no conxunto das catro provincias galegas. Neste sentido sobe o volume de noites en todas as provincias, destacando en intensidade o incremento rexistrado en Lugo –do 14,7% en relación ao pasado ano, con preto de 53 mil novas pernoctacións-.

No lado contrario é A Coruña a provincia que rexistra o incremento menos acusado –do 3,2% neste caso-, con 36 mil novas noites.

En Ourense o crecemento sitúase no 5,9% -con máis de 10 mil novas pernoctacións- mentres que en Pontevedra a suba fica no 5,0% -con pouco máis de 69 mil novas pernoctacións en relación ao verán do pasado ano-.

En todas as provincias o incremento da demanda provén esencialmente dunha suba parella da cifra de viaxeiros aloxados, reforzada ou amortiguada puntualmente nalgún caso por variacións da estadia media.

Variación da demanda turística REGRADA por provincias. Verán 2019/18




ANÁLISE TERRITORIAL

O 38% da demanda hoteleira de Galicia deste verán corresponde aos destinos urbanos da comunidade. Esta porcentaxe, aínda que importante, é inferior á rexistrada noutros momentos do ano nos que o turismo urbano supera o 50% -ou mesmo o 60%- do total das noites hoteleiras. Neste sentido confírmase que no verán adquiren maior peso relativo os destinos de litoral e de interior fóra das áreas urbanas. Sirva de exemplo municipios como Sanxenxo que lidera neste verán o ranking a nivel municipal rexistrando 434 mil noites hoteleiras.

A cidade de Santiago lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste período rexistra preto de 349 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 13% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con 261 mil noites- e Vigo –con 226 mil neste período estival-.

As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, destacando en todo caso Lugo e Pontevedra –ambas por encimas das 60 mil noites-.

Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2019



ANÁLISE TERRITORIAL


En liña co comportamento do sector a nivel global, obsérvase neste verán un crecemento xeneralizado da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Marca a excepción xustamente a cidade de maior volume e peso –Santiago de Compostela- pois rexistra unha leve caída do 1,1% froito do mal resultado colleitado en agosto.

Destacan en intensidade os incrementos rexistrados xustamente nas cidades de menor volume e peso: Ourense -que rexistra unha suba do 19% interanual no volume de noites- e Ferrol e Lugo –ambas cun incremento próximo ao 16%-. En Pontevedra a suba achégase ao 15% interanual.

A Coruña e Vigo amosan tamén unha dinámica positiva pero de menor intensidade –do 7% na primeira e do 9% na segunda-. Son, sen embargo, as cidades que máis aportan en termos absolutos –case 17 mil novas pernoctacións A Coruña e máis de 19 mil Vigo-.

En termos globais o conxunto dos destinos urbanos de Galicia rexistra neste verán un incremento do 6,4% no volume de noites hoteleiras en relación ao mesmo período do pasado ano.

Variación da demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2019/18




DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS

O 70,3% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 57,5%- como ás pensións –co 12,8% neste caso-.

O 29,7% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6,2% da demanda total-, aos cámpings –co 19,1%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,5% neste caso-.

Esta distribución da demanda é moi propia e característica dun período de temporada alta, cun peso importante dos hoteis –aínda que inferior ao que se rexistra noutros momentos do ano- e notable presenza dos cámpings –modalidade que xorde basicamente no verán pois en temporada baixa apenas representa o 1% do total-.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites verán 2019



■ HOTEIS

■ PENSIÓNS

■ APTOS. TURÍSTICOS

■ CÁMPINGS

■ TURISMO RURAL

DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS


En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste verán un comportamento positivo xeneralizado, con crecementos da demanda en todas as modalidades consideradas.

Neste contexto destaca en intensidade o incremento rexistrado nos apartamentos turísticos pois supera nun 14,0% o volume de noites do verán pasado. En termos absolutos supón a xeración de máis de 30 mil novas pernoctacións.

Nas restantes modalidades o incremento é máis moderado en termos relativos, situándose no 4,8% nos hoteis, no 5,7% nas pensións, no 2,5% nos cámpings e no 4,0% nos establecementos de turismo rural. Agás no caso dos cámpings o crecemento global da demanda nas diferentes tipoloxías vén dado en grande medida por unha suba da cifra de viaxeiros aloxados.

Con preto de 132 mil novas pernoctacións o segmento hoteleiro é o que aporta maior volume ao incremento en termos absolutos.

Evolución da demanda turística regrada por tipoloxías. Noites verán 2019/18



DEMANDA TURÍSTICA – CATEGORÍAS


Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase igualmente un comportamento homoxéneo e positivo, con crecementsos de diversa intensidade en todos os segmentos agás no caso das pensións dunha estrela –que presenta unha caída do 12,0% no número de noites provocada por un descenso da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media-.

As pensións de tres e dúas estrelas son as que neste verán rexistran o crecemento de maior intensidade superando nun 19,2% o nivel de demanda do pasado ano.

No ámbito estritamente hoteleiro o comportamento é moi semellante, con subas do 7% no segmento de maior categoría –hoteles de catro e cinco estrelas-, do 5% nos de tres estrelas, do 4% nos de dúas estrelas e do 1,5% naqueles dunha estrela.

En termos de volume a maior aportación ao incremento xeral da demanda localízase nos hoteles de catro e cinco estrelas –con preto de 56 mil novas pernoctacións- e nas pensións de tres e dúas estrelas –con 52 mil novas pernoctacións neste caso-.

Evolución da demanda turística hoteleira por categorías. Noites verán 2019/18




DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que o incremento deste verán –do 5,0%- contrasta coa caída rexistrada no pasado ano –do 8,1%- mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anteriores, de 2013 a 2017. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Galicia no período estival, colocando por tanto o nivel final deste ano en preto de 2,8 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por detrás do valor rexistrado en 2017-.

En termos absolutos este crecemento supón a xeración de case 132 mil novas pernoctacións en relación ao verán do pasado ano.

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites verán 2012-19




DEMANDA TURÍSTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos acontece algo semellante. O incremento deste verán contrasta coa leve caída rexistrada no pasado ano –do 2,7%– mais da continuidade á tendencia positiva rexistrada de 2013 a 2017. Son igualmente seis anos case consecutivos de crecemento da demanda nos apartamentos turísticos durante o período estival, circunstancia que coloca o nivel final deste 2019 por encima das 245 mil noites –dato que supón un máximo na serie histórica–.

Son pouco máis de 30 mil novas pernoctacións en comparación co rexistrado no verán de 2018.

Evolución da demanda turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites verán 2013-19




DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

A dinámica da demanda turística nos cámpings é algo diferente ao comentado para os dous casos anteriores. Neste caso obsérvanse tres períodos diferenciados: ata o ano 2015 con variacións pouco significativas que falan de certa estabilidade no contorno das 650 mil noites neses tres anos, forte incremento no verán de 2016 –do 20% interanual- que coloca o nivel en máximo histórico con 770 mil noites, e certa irregularidade de 2017 a 2019 con caída do 5% naquel ano, estabilidade en 2018 e leve incremento agora en 2019.

A dinámica é dispar e algo irregular mais en todo caso o nivel de demanda do verán mantense por cuarto ano consecutivo nesta década por encima das 700 mil noites.

Evolución da demanda turística nos CAMPINGS. Noites verán 2013-19




DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

No ámbito do turismo rural o incremento rexistrado neste verán, do 4,0% recupera dalgunha maneira a tendencia positiva que o sector viña rexistrando en anos anteriores, concretamente de 2013 a 2017 –se ben neste último ano a suba foi moi moderada, próxima ao 1% interanual-. En 2018 rómpese a racha positiva que se recupera en parte neste 2019.

Con isto o nivel de demanda final no segmento do turismo rural sitúase en 177 mil noites, cifra obviamente superior á do pasado ano mais inferior á rexistrada en 2016 e 2017.

En termos absolutos a suba deste verán supón a xeración de preto de sete mil novas pernoctacións en comparación co pasado 2018.

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. Noites verán 2013-19




A estadía media nos establecementos regrados de Galicia mantense relativamente estable neste verán-en sentido estrito sobe un 0,6%-, situándose en 2,6 noites de media.

En calquera caso, é o cuarto ano consecutivo no que mellora a estadía media no verán, con subas de diversa intensidade que conseguiron superar en case tres décimas o valor da estadía media do período estival de 2015 –cando ficaba en 2,3 noites-. Con esta mellora a cifra de 2019 sitúase como a máis elevada da década.

Os apartamentos turísticos son a modalidade que rexistra o valor máis alto con 4,7 noites. Nos cámpings a cifra fica no contorno das catro noites, sendo estas dúas as tipoloxías cos valores máis elevados.

Nos hotéis e nos establecementos de turismo rural o nivel sitúase por encima das dúas noites –concretamente en 2,4 en ambos- mentres que nas pensións a cifra queda por debaixo, con 1,9 noites de media neste verán.

Estadía media nos establecementos regrados. Verán 2013-19




O comportamento da demanda tradúcese en todas as tipoloxías consideradas nunha evolución parella dos niveis de ocupación en relación ao verán do pasado ano 2018, de diversa intensidade.

Neste sentido, obsérvase unha mellora xeneralizada da ocupación en todas as tipoloxías sendo máis acusada no ámbito hoteleiro –máis de dous puntos nos hotéis e case tren puntos nas pensións- e nos establecementos de turismo rural –en máis de tres puntos neste caso-. Nos apartamentos turísticos e nos cámpings a suba é moi moderada, inferior ao punto porcentual –case se fala de certa estabilidade-.

Os hotéis son unha vez máis a modalidade que rexistra a cifra de ocupación máis elevada da oferta regrada, cun promedio do 66,3% neste verán. A porcentaxe supera o 50% nos apartamentos turísticos –o 54,7% en particular-, sitúase no contorno do 43% nas pensións e nos establecementos de turismo rural e fica próximo ao 40% nos cámpings.

% Ocupación nos establecementos regrados. Verán 2019/18




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia soben levemente neste verán –un 1,3% en particular- situándose en 68,0 euros de media. É o sexto ano consecutivo no que acontece tal circunstancia o que leva a que a tarifa deste ano sexa a máis elevada da década.

O crecemento dos niveis de demanda e ocupación –en termos de ocupación por habitacións a suba é do 3,8%- prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento dos prezos hoteleiros. Tal circunstancia leva a unha mellora dos niveis de rendibilidade –o RevPAR hoteleiro sobe un 4,3% para situarse en 42,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano –inferior ao 1%- mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anteriores, de 2013 a 2017, de diversa intensidade. Esta dinámica positiva coloca o RevPAR hoteleiro deste verán no máis elevado da década con 42,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro. Verán 2019




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

A mellora do RevPAR hoteleiro deste verán contraponse á leve caída rexistrada no pasado ano –provocada por un descenso da demanda e ocupación- máis da continuidade aos incrementos observados nos cinco anos anteriores grazas á combinación de dous factores: mellora dos niveis de ocupación nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras.

O incremento deste ano provén da combinación dos dous factores comentados: mellora dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras.

Con 42,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, o dato deste verán sitúase no máis elevado da década, superando por exemplo en máis de quince euros as cifras acadadas en 2012 e 2013 –cando ficaba no contorno dos 28 euros de media para o RevPAR dos hoteis e pensións de Galicia-.


Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Verán 2012-19



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste verán preto de 97,9 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supera nun 5,1% o dato do mesmo período do pasado ano. Son preto de 4,8 millóns de euros de gañancia respecto do rexistrado no período estival de 2018. O incremento deste ano contraponse á caída rexistrada en xullo do pasado ano, do 3,4%, mais da continuidade á serie de crecementos consecutivos rexistrados no período 2013-17. Desta maneira, o nivel final deste ano sitúase como o máis elevado da década.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Verán 2013-19



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste verán visitaron Galicia pouco máis de 480 mil turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE experimentou un incremento do 8,5% en relación ao 2018.

O 85% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 6,2% fíxoos por motivos persoais mentres que un 4,5% visitou Galicia por negocios-. Esta distribución é moi propia dun mes de temporada alta e contrasta co observado, por exemplo, nos primeiros meses do ano cando o peso do segmento vacacional quedaba por debaixo do 60%.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 92%-, estímase en 684 mil persoas durante o período estival –un 7,4% menos que no pasado ano 2018-.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR verán 2019

	Verán 2019	Var. 2019/18	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	480.111	8,5%	100,0%
Vacacións / Ocio	407.086	7,1%	84,8%
Negocios	21.641	59,9%	4,5%
Persoal (Saúde, Familia,...)	29.992	30,7%	6,2%
Resto motivos	21.392	-17,2%	4,5%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	684.067	-7,4%	-

TURISMO INTERNACIONAL - EGATUR

En termos de gasto, utilizando a operación FRONTUR/EGATUR para o turismo internacional, obsérvase neste verán certa variación dispar en función da variable de referencia.

O gasto medio diario do turista internacional en Galicia mantívose relativamente estable en relación ao pasado ano situándose en 98,7 euros por persoa e día –tres décimas por encima da cifra do verán pasado-.

O gasto total efectuado polos turistas estranxeiros, en cambio, rexistra unha caída do 4,1% acadando preto de 441 millóns de euros. O motivo reside nun descenso da estadia media que provoca certa caída no volume de noites totais –regradas e non regradas-, circunstancia que tira cara abaixo do gasto total.

Gasto total e gasto medio diario do turismo internacional. Verán 2019

	Verán 19	Var. Int. 19/18
Gasto Total	440.632.440 €	-4,1 %
Gasto medio diario	98,7 €	0,3%


CAMIÑO DE SANTIAGO

En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste verán un incremento global do 3,1% en relación ao mesmo período de 2018 acadando unha cifra total próxima ás 115 mil.

É o sétimo ano case consecutivo no que se observa un crecemento do número de Compostelas no verán –só en 2016 se rexistra certa estabilidade- situando a cifra deste 2019 –meses de xullo e agosto- en máximo histórico –supera nun 10% o dato do último Xacobeo 2010-.

Como é propio da temporada alta, o volume de peregrinos españois supera ao dos estranxeiros. O volume dos primeiros sitúase en 67 mil mentres que a cifra de peregrinos estranxeiros fica en case 48 mil.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, verán 2011-19




CAMIÑO DE SANTIAGO

Tal como se viu anteriormente obsérvase neste verán un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia, aínda que difire na intensidade. O volume de peregrinos españois sobe levemente –un 0,5%–, circunstancia que fala máis ben de certa estabilidade en termos globais. O segmento internacional, en cambio, amosa maior dinamismo pois a cifra de peregrinos estranxeiros increméntase nun 6,9% neste caso.

En ambos casos acádase neste ano 2019 a cifra máis elevada da serie histórica no período estival, con 67 mil peregrinos españois e preto de 48 mil peregrinos estranxeiros. Tal circunstancia vén de colleitar varios anos consecutivos de crecemento –case seis no caso dos españois, pois rexistraron unha caída puntual en 2016, e oito no caso dos estranxeiros–.

Por segunda vez na serie histórica –acontecera o mesmo só no verán de 2017– o peso do segmento español fica no 58% do total mentres que o dos estranxeiros ascende a preto do 42%, a cifra máis elevada ata o momento.

Evolución peregrinos, por procedencia. Verán 2019/18




CAMIÑO DE SANTIAGO

Por rutas destaca novamente o Camiño Francés –co 52,2% do total rexistra preto de 60 mil compostelas-. Seguen en orde de importancia o Camiño Portugués –co 20,0%-, o Camiño do Norte –co 7,3%-, o Portugués da Costa –co 6,0%-, e os camiños Inglés e Primitivo –ambos con algo máis do 5% do total-.

En termos dinámicos obsérvase unha dinámica dispar nas diferentes rutas a Compostela. Aquela de maior peso, o Francés, rexistra unha leve caída do 1,5% que se contrarresta co crecemento global nas restantes rutas –do 8,5% no seu conxunto-. Esta última porcentaxe esconde un comportamento moi diferente pois o incremento concéntrase basicamente no Camiño Portugués –coa suba do 4,9% na ruta de interior e do 68% no tramo de costa- e no Inglés –co crecemento do 7,1%-. No camiño Primitivo a cifra mantense relativamente estable mentres que cae neste verán no camiño Norte e na Vía da Prata.

Neste 2019 continúa a tendencia de desconcentración da peregrinación a Compostela. Este reequilibrio territorial leva necesariamente a un menor peso do Camiño Francés en relación ás restantes rutas –acada neste período o mínimo da serie histórica cun 52% do total-.

Evolución do volume de peregrinos, por rutas. Verán 2019/18



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase neste verán un incremento da cifra de viaxeiros aloxados -do 6,5%- que se traduce nunha suba de menor intensidade do volume de noites -do 1,3%- por mor dun descenso da estadía media -do 4,9% neste caso-.

Sobe a demanda hoteleira no Camiño Francés logo de experimentar tres anos consecutivos de caídas no período estival. Recuperárase por tanto unha pequena parte do perdido nese período e sitúanse as cifras en algo máis de 79 mil viaxeiros aloxados e preto de 85 mil noites.

En termos de viaxeiros obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado: increméntase neste sentido a cifra de viaxeiros españois aloxados no camiño -un 5,9%- así como o volume de viaxeiros estranxeiros -nun 7,6% neste caso-.

Neste período son os españois maioría dentro dos establecementos hoteleiros do Camiño Francés -representan o 62% do total-.

O leve crecemento da demanda prodúcese nun contexto de incremento parello da oferta dispoñible -o volume de prazas ofertadas sobe nun 5,5%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en case dous puntos- ata situarse no 50,1% de media.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Verán 2019

	Verán 2019	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS ALOXADOS	79.122	6,5%
Españois	49.360	5,9%
Estranxeiros	29.762	7,6%
NOITES	84.687	1,3%
ESTADÍA MEDIA	1,07	-4,9%
OCUPACIÓN (%)	50,08%	-1,89

TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementábase un 4,5% neste verán rexistrando algo máis dun millón no conxunto da comunidade.

O crecemento global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia da mellora rexistrada en dous aeroportos concretos: A Coruña -que rexistra un incremento do 10,5%- e Santiago –cunha suba neste caso do 12,1%-. En Vigo, en cambio, obsérvase unha caída global do 17,9% no tráfico de pasaxeiros neste período estival.

En termos absolutos o incremento global supera levemente os 45 mil pasaxeiros, con diferenzas entre aeroportos. Xéranse case 24 mil novos pasaxeiros en Alvedro, máis de 64 mil en Lavacolla mais pérdense preto de 43 mil en Peinador.

Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia –absorbe neste verán o 57% do total do tráfico aéreo da comunidade con case 600 mil pasaxeiros-. A Coruña colócase como o segundo máis importante cun 24,0% e 250 mil pasaxeiros, quedando a porcentaxe restante para Vigo –con 196 mil pasaxeiros absorbe neste caso o 18,8% do total de Galicia-.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2019

AEROPORTO	Verán 19	Verán 18	Var. Int. 19/18
A CORUÑA	250.213	226.444	10,5%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	596.998	532.761	12,1%
VIGO	196.061	238.873	-17,9%
GALICIA	1.043.272	998.078	4,5%


TRÁFICO AEROPORTUARIO

É o sexto ano consecutivo no que se rexistra un incremento do tráfico aeroportuario en Galicia durante o período estival. Logo das caídas rexistradas en 2012 e 2013 –que supuxeron a perda de máis de 140 mil pasaxeiros- o tráfico recupérase en 2014 coa suba do 4,5%- que terá continuidade en 2015 –co incremento do 12,3%-, en 2016 –do 6,5%-, en 2017 –do 4,0%-, en 2018 –do 2,1%- e agora en 2019 –do 4,5% neste caso-.

Esta dinámica permite recuperar e mesmo superar os niveis perdidos a principios da década e colocar o volume de pasaxeiros deste verán por encima do millón de pasaxeiros no conxunto da comunidade, cifra que supón o dato máis elevado da serie histórica. Nunca antes se superara o nivel do millón de pasaxeiros nos meses de xullo e agosto.

En termos absolutos esta dinámica positiva permitiu xerar máis de 290 mil pasaxeiros nos últimos seis anos –dato referido ao verán-.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2013-19



EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO


En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 4,7% situándose a cifra media do verán en algo máis de 91 mil no conxunto da comunidade.

Son seis anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio do contorno das 77 mil no verán de 2013 a máis de 91 mil agora en 2019.

A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese en todas as ramas consideradas. Soben nun 7,0% nos servizos de aloxamento, nun 4,2% nos servizos de restauración e nun 4,5% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares.

Son xustamente os servizos de restauración o segmento que acolle e rexistra maior volume de afiliacións dentro do sector –neste verán absorbe o 82,5% do total-.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Verán 2013-19



Balance do turismo en Galicia

Verán 2019



galicia